
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE MAIO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da variante de Aradas en Santiago de Compostela (clave: AC/10/020.01).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Ovidio Rodeiro Tato como director xeral de Xuventude e Voluntariado.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable do Castro das Travesas en Carral (A Coruña).

CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza eximir os centros tecnolóxicos de Galicia, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, por importe dun millón oitocentos setenta e dous mil euros (1.872.000,00€).



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e Xenética Fontao, S.A., para dar continuidade ao desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón de Galicia no período 2015-2018, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e varias entidades locais de Galicia para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, por importe de once millóns cento quince mil douscentos trinta e un euros con trece céntimos, 11.115.231,13 € para o exercicio 2015.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Resolución da concesión de equipamento de emerxencias aos concellos galegos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos convocada, polas ordes do 28 de xaneiro e 6 de febreiro de 2015, en réxime de concorrencia competitiva.

CONSELLERÍA DE ECONOMIA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución de concesión de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores da industria e servizos 2015.
- Informe sobre o programa de financiamento empresarial Galicia 1000.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a acta de comprobación das obras do Hospital Público Álvaro Cunqueiro.
- Informe sobre a tramitación do contrato para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico pola imaxe e medicina nuclear.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



-
- Informe sobre a carteira de servizos sociais de inclusión.



O NOVO DECRETO QUE REGULARÁ A ACTIVIDADE PROFESIONAL DOS GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA GARANTIRÁ UN SERVIZO DE CALIDADE

- ***Entre as principais novidades, a nova normativa introduce o procedemento de habilitación directa, sen necesidade da superación de probas específicas***
- ***Así mesmo, con este novo decreto a habilitación adquire unha duración indefinida que xa non precisará da súa validación cada cinco anos***
- ***O decreto non ten carácter retroactivo, polo que establece a conservación de todos os dereitos dos guías de turismo habilitados ao abeiro da normativa anterior***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regulará a actividade profesional dos guías de turismo de Galicia logo do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Entre as principais novidades, a nova normativa incorpora o procedemento de habilitación directa baseada na posesión dos títulos de Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas ou o grao ou diplomatura en Turismo, sen necesidade da superación de probas específicas.

Así mesmo, con este novo decreto, a habilitación adquire unha duración indefinida que xa non precisará da súa validación cada cinco anos, como acontecía na actualidade.

No que se refire á prestación de servizos ou ao establecemento e ao posible recoñecemento de cualificación profesional, establece réximes distintos segundo a procedencia do guía de turismo, e diferencia se procede doutra comunidade autónoma, da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou dun país terceiro.

Ademais, o novo proxecto de decreto amplía o ámbito de aplicación da norma e comprende tanto a liberdade de prestación de servizos como o establecemento.

Non obstante, desde Turismo de Galicia promoveranse os guías rexistrados no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia por estaren habilitados pola propia Administración autonómica galega e, polo tanto, por dispoñeren dos mellores coñecementos sobre Galicia.

Xunto co anteriormente sinalado, para garantir a calidade e unha axeitada prestación dos servizos, o novo decreto prevé a organización ou homologación, por parte de Turismo de Galicia, de cursos de formación, é a asistencia a estes será voluntaria.

O decreto non ten carácter retroactivo polo que establece a conservación de todos os dereitos dos guías de turismo habilitados ao abeiro da normativa anterior. Así mesmo, a nova normativa dispón que se habilitará de oficio os guías de turismo especializados de



Galicia de ámbito provincial ou autonómico como guías de turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na elaboración desta norma tivéronse en conta as asociacións, entidades e organizacións afectadas e interesados mediante a súas achegas no trámite de audiencia e de exposición pública.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DA VARIANTE DE ARADAS, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ***Para a execución desta nova vía, que conectará o polígono do Tambre coas estradas CP-0701 e CP-7804, será preciso ocupar un total de 125 predios***
- ***O orzamento total desta infraestrutura ascende a 6,9 millóns de euros, dos cales máis de 550.000 serán para as expropiacións***
- ***Esta vía canalizará os tráficoes que acceden ao polígono do Tambre ou ás estradas do leste de Santiago desde Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo e Trazo***
- ***A actuación liberará de tráfico pesado o núcleo urbano de Santiago, mellorando a mobilidade e reforzando a competitividade***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se publica e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da variante de Aradas en Santiago de Compostela. Para a execución desta nova vía, que conectará o polígono industrial do Tambre coas estradas CP-0701 e CP-7804, será preciso ocupar un total de 125 predios, que implican un importe de 550.000 euros. O orzamento total da infraestrutura é de 6,9 millóns de euros.


Esta infraestrutura, a variante de Aradas, terá unha lonxitude aproximada de 1,6 quilómetros, comeza cunha rotonda no cruzamento das estradas CP-0701 e CP-7804, segue na dirección Oeste-Este, salva o río Sarela e alcanza o polígono do Tambre á altura da intersección das vías Marconi e Nobell, onde se localiza unha segunda rotonda.

A vía, que funcionará como variante polo norte de Santiago, canalizará os tráficoes que procedentes de Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo e Trazo, se dirixan ao Polígono do Tambre ou á rede de estradas situada ao leste de Santiago, que actualmente teñen que circular polo núcleo urbano de Santiago.

O proxecto enmárcase no programa de actuacións en medios urbanos do Plan Move da Xunta de Galicia, que recolle as distintas obras necesarias para resolver os problemas existentes no acceso ás grandes cidades e completar e mellorar a conectividade das redes viarias das áreas metropolitanas. A citada actuación incide na calidade de vida dos 185.000 habitantes de Santiago, Val do Dubra, Trazo, Santa Comba, e Carballo, ao mellorar a accesibilidade e colaborar a desconxestionar a rede situada ao nordeste da capital, diminuíndo así mesmo os tempos de percorrido.

A Xunta recolle na súa planificación un investimento de preto de 6,9 millóns de euros, incluído o importe das expropiacións, para a futura execución da vía, que comunicará o polígono do Tambre coas estradas Santiago- Santa Comba e Santiago- Trazo.





O



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

CONSELLO DA XUNTA ACORDA O CESAMENTO DO DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO, OVIDIO RODEIRO TATO

- ***Ovidio Rodeiro Tato exerceu as competencias en materia de Xuventude e Voluntariado desde 2009 ata o momento***
- ***Nestes seis anos deu un pulo aos programas de educación non formal e impulsou proxectos normativos como a nova Lei de acción voluntaria***

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza de hoxe o cesamento do director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro Tato.

Rodeiro (Boqueixón, 1972), titulado en Maxisterio e Postgrao en Xerontoloxía Social pola Universidade de Santiago de Compostela e con ampla experiencia no asociacionismo xuvenil, viña exercendo as súas competencias na área de Xuventude desde 2009, seis anos nos que impulsou diversos avances nesta materia.

Destacan, entre outras novidades, a aposta pola educación non formal que permite á mocidade mellorar e enriquecer o seu currículo. Nesta liña de acción, fíxose especial fincapé en actuacións de ámbito europeo como Galeuropa, unha iniciativa de mobilidade transnacional para realizar prácticas no estranxeiro.

Durante este anos, tamén apostou por un novo modelo de participación que lle cedeu o protagonismo aos mozos e mozas para desenvolver os seus proxectos. A través de ordes de axudas como Iniciativa Xove, os participantes presentan e desenvolven as súas propias ideas.

Así mesmo, tamén impulsou melloras normativas, como a nova Lei de acción voluntaria, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2011, que recolle, entre outros avances, a certificación da experiencia destes voluntarios, un aspecto que se acaba de estender tamén -a través da correspondente orde- aos participantes en programas de educación non formal.

En materia de planificación, destaca a posta en marcha do Plan estratéxico de Xuventude 2010-2013 e tamén para o período 2014-2016.



**A XUNTA IMPULSA A DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO DA COMARCA DA CORUÑA
CO RECOÑECIMENTO DO CASTRO DAS TRAVESAS (CARRAL) COMO COLECCIÓN
VISITABLE**

- ***Con 12 hectáreas de superficie, é o maior da provincia da Coruña, ademais da relevancia dos materiais de importación atopados neste xacemento, próximo ás principais vías de comunicación da antigüidade***
- ***O recoñecemento supón, ademais, a potenciación dunha iniciativa local para a dinamización da vida cultural e do turismo***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe ao recoñecemento - por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- do Castro das Travesas (Carral, A Coruña) como colección visitable. Con 12 hectáreas de superficie, trátase do maior castro da provincia da Coruña, e constitúe unha pequena cidade cuxa importancia está asociada ás vías de comunicación da antigüidade, que facilitaban a chegada a este enclave dos materiais atopados nas escavacións nos anos 2007 e 2008.

A Xunta de Galicia reconece con este acordo unha iniciativa na que conflúen dúas vertentes. Por unha banda, a divulgación do patrimonio cultural galego no contexto da encrucillada en que estaba situada o castro ao confluír, pola súa proximidade á vía romana XX (Per Loca Marítima), os tránsitos desde as Mariñas e A Coruña cara ao interior. Por outra, a potenciación dunha iniciativa local que pretende impulsar a investigación e difusión do patrimonio recuperado nas escavacións do castro e, por extensión, da historia da comarca. Neste sentido, dá resposta á solicitude presentada polo Concello de Carral, apoiada cun Plan museolóxico e museográfico completo neste sentido.

O interese das pezas obtidas nas diferentes intervencións arqueolóxicas radica na súa calidade, no seu bo estado de conservación e na valiosa información que proporcionan sobre as distintas épocas en que esta zona estivo habitada. Entre os vestixios atopados cómpre salientar as pezas cerámicas, que datan o momento inicial do castro no século IV a. C.; e un depósito votivo colocado a modo de 'primeira pedra' composto por materiais cerámicos en case perfecto estado de conservación, unha pequena fíbula omega e unha doa de cristal. Ademais, xa das épocas máis recentes, recuperáronse materiais romanos, así como un tesouro tardo-romano integrado por unha ducia de moedas da época de Constantino e un anel de ouro.

Deste xeito, a colección e a propia área arqueolóxica do Castro das Travesas poden ser considerados como unha das manifestacións máis senlleiras da arqueoloxía pre e protohistóricas do arco noroccidental da península ibérica.

Proxecto museográfico e expositivo

O proxecto expositivo presentado polo Concello de Carral divídese entre unha sala expositiva situada na Casa da Cultura da localidade e a propia área arqueolóxica visitable.



Ademais, un local próximo á sala expositiva alberga o laboratorio e sala de investigadores vinculados ao xacemento.

O Castro das Travesas está situado nas proximidades da rede principal de camiños, o que facilitou a chegada a este de materiais e produtos mediterráneos de importación que enriquecen a súa colección visitable. No que se refire á súa morfoloxía, está conformado por múltiples espazos de gran tamaño dispostos de forma simétrica ao redor da croa e delimitados por unha muralla rodeada dun foxo. A entrada á croa foi escavada na peneda a modo de pasadizo e contou na antigüidade con dúas portas, ademais de distintos espazos de valor ritual. Segundo as investigacións, a entrada ao antecastro, de influencia romana, estivo flanqueada por grandes torreóns acaroados ás murallas. Toda a estrutura do xacemento está explicada no discurso expositivo a través de recursos materiais (fragmentos das pezas atopadas), multimedia e infografías.

Deste xeito, a sala presenta a historia do castro en 7 unidades temáticas a través de paneis explicativos que afondan na situación do castro, o seu proceso de construción ao longo das súas diferentes etapas, así como nos materiais atopados no xacemento, ligados á súa posición estratéxica nas vías de comunicación. Deste xeito, a mostra que acolle a Casa da Cultura, produto do estudo e investigación do rexistro arqueolóxico, constitúe un útil apoio para a vista ao propio Castro das Travesas, completando de forma didáctica e con bases científicas a información sobre os aspectos que o público en xeral non podería apreciar a simple vista na área arqueolóxica.



A XUNTA SUMA PRETO DE 2 MILLÓNS Á SÚA APOSTA POLA COMPETITIVIDADE DOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS

- ***A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, lanza unha nova convocatoria de contratos-programa aberta aos 6 centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia***
- ***Esta fórmula permitiu achegar, entre 2013 e 2014, 4,2 millóns a estes centros tecnolóxicos consolidados***
- ***A actuación persegue reforzar o traballo dos centros á marxe de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos a través da captación e retención de talento***
- ***Os beneficiarios terán que acreditar o cumprimento de exixentes indicadores de actividade, centrados na súa capacidade para transferir resultados á empresa***
- ***A iniciativa complementa outro tipo de actuacións como o Conecta Peme ou as unidades mixtas de investigación, que fomentan a cooperación entre empresas e centros tecnolóxicos para a mellora competitiva do tecido produtivo***

A Xunta de Galicia, na súa aposta por impulsar a transferencia de resultados da investigación á empresa, mellorando deste xeito a competitividade do tecido produtivo galego, destina este ano preto de 2 millóns de euros a unha nova convocatoria de axudas que, baixo a fórmula dos contratos-programa, facilitará a actividade innovadora dos 6 centros tecnolóxicos galegos consolidados: AIMEN, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), ANFACO-CECOPECA, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)– aos que recentemente se sumou EnergyLab.

Así, e segundo coñeceu hoxe o Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria reforza o compromiso coa competitividade destes centros a través dunha liña orientada ao seu financiamento estable, é dicir, non dependente de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos. As axudas, de carácter competitivo, estarán suxeitas ao cumprimento de exixentes indicadores de resultados.

Deste xeito, o Goberno galego, a través da Axencia Galega de Innovación, dá continuidade ao traballo desempeñado ata o de agora no apoio ao funcionamento estable dos centros tecnolóxicos e de investigación galegos a través de contratos-programa. Esta fórmula permitiu achegar, entre 2013 e 2014, 4,2 millóns aos centros consolidados. Coa nova convocatoria, a aposta da Xunta por estes centros tecnolóxicos recoñecidos pola súa excelencia supera os 6 millóns de euros nos tres últimos anos.

Esta medida enmárcase no interese da Xunta por contribuír a que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes como a mellor vía para que poidan responder de maneira competitiva ás necesidades do tecido empresarial. Nesta liña sitúanse tamén os programas para empresas que esixen a contratación de centros, como é o caso do Conecta Peme, e



as unidades mixtas de investigación, nas que están a cooperar centros e grandes empresas para impulsar en Galicia liñas de I+D punteiras.

Oportunidade no eido dos recursos humanos

Os contratos-programa encádranse no desenvolvemento da Estratexia de Especialización Intelixente – RIS3, cuxas liñas de actuación se orientan á captación de financiamento, ao apoio ao talento galego e á transferencia de resultados da investigación ao mercado. Así, as axudas ligadas a estes contratos-programa non só posibilitan o financiamento de equipamentos, investimentos ou subcontratacións, senón que resultan unha vía fundamental para a retención de capital humano mediante actuacións que facilitan a contratación, consolidación e formación de persoal investigador.

Os requisitos para o acceso a este financiamento están baseados en exixentes indicadores de actividade, centrados prioritariamente na capacidade para transferir resultados á empresa e, polo tanto, contribuír de maneira decisiva na competitividade e no crecemento da economía galega. Neste sentido, os compromisos que os centros deben cumprir están condensados nun número moi limitado de criterios, pero moi intensivos (contratos e unidades mixtas con empresas, patentes, etc.). Isto débese á intención de incentivar os esforzos nas partes que xeran máis valor da actividade que levan a cabo os centros.

Esta forte aposta enmárcase no interese da Xunta por garantir o óptimo funcionamento dos centros tecnolóxicos, nos cales radica un gran potencial para xerar coñecemento transformable en innovación mediante a súa valorización no mercado. O acceso a fondos de carácter estrutural, que permiten manter un nivel competitivo nos seus recursos humanos e materiais, é fundamental para que estes centros cumpran o seu cometido no Sistema galego de innovación.

As axudas serán obxecto de anticipos por valor do 50% do total concedido, o que ten por obxecto optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I, permitíndolles aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas con antelación, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.



A XUNTA E XENÉTICA FONTAO POTENCIAN O PROGRAMA DE MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN EN GALICIA

- **O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e Xenética Fontao para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2015-2018**
- **Os obxectivos do convenio son, por unha banda, mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e a profesionalización do sector e por outra permitirlles aos gandeiros galegos accederen a material xenético de alta calidade en condicións económicas moi vantaxosas**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e Xenética Fontao para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2015-2018.

O obxecto deste convenio de colaboración é, por unha banda, establecer as condicións da colaboración entre ambas partes para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética da raza frisoa de Galicia, contribuíndo deste xeito a mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e á profesionalización do sector.

Por outra banda, trátase de permitir aos gandeiros galegos que colaboran no control leiteiro oficial e que estean inscritos no libro xenealóxico da raza frisoa accederen a material xenético de sementais elite a nivel mundial en condicións económicas moi vantaxosas, así como a material xenético de sementais en proba de Xenética Fontao de xeito gratuíto.

Os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandaría moderna, eficiente e competitiva. Neste caso, a selección xenética da raza frisoa vai parella ao desenvolvemento do sector lácteo de Galicia. O actual Programa de mellora xenética de Galicia resulta da revisión e actualización dos anteriores, salvagardando os seus aspectos básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse á evolución científica e aos cambios socioeconómicos do sector leiteiro galego.

Xenética Fontao, S.A. é unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros Fefriga (Federación Frisoa Galega) e Acruga (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega). É un actor fundamental na mellora gandeira de Galicia a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos ao sector agrogandeiro de analítica molecular utilizando a biotecnoloxía do ADN e novas tecnoloxías reprodutivas como a fecundación in vitro. Ademais, Xenética Fontao realiza proxectos de Innovación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de grande importancia no sector.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 11,1 MILLÓNS DE EUROS A COLABORAR COS CONCELLOS NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura de convenios por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar con varias entidades locais para levar a cabo estas tarefas***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e varias entidades locais de Galicia para a colaboración na prevención e defensa contra os incendios forestais. A Xunta destina para este ano máis de 11,1 millóns de euros á sinatura destes convenios, cofinanciados parcialmente polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013.

O obxecto principal da sinatura destes convenios é minorar as consecuencias ecolóxicas, sociais e económicas dos incendios forestais. Deste xeito, mellorarase a eficacia na prevención, vixilancia e disuasión dos lumes e contribuirase a mellorar tamén a seguridade das persoas e dos bens, así como a defender a riqueza forestal e o patrimonio natural de Galicia.

A Consellería do Medio Rural e do Mar, a través desta colaboración, financia a participación dos concellos galegos na defensa contra os lumes coa actuación de vehículos motobomba de titularidade municipal. Por outra banda, tamén se colabora coa realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en estradas de titularidade municipal. Ademais, estes acordos de colaboración permiten contratar brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual.

As actuacións de prevención iniciaránse a partir da sinatura de cada convenio coa respectiva entidade local. No casos das tarefas de defensa contra os lumes, desenvolveránse na campaña de alto risco de incendios forestais, que abrangue os meses de xullo, agosto e setembro.



A XUNTA EQUIPA CON MÁIS DE 180 VEHÍCULOS AS AGRUPACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL E POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

- ***O Consello informou sobre a adxudicación, en concorrencia competitiva, de dúas ordes da Vicepresidencia destinadas a concellos de menos de 50.000 habitantes***
- ***Investíronse 4,5 millóns de euros para dotar os voluntarios de Protección Civil dos medios necesarios para continuar prestando un servizo de calidade aos cidadáns***
- ***O equipamento das policía locais galegas consta de 55 turismos e 26 motos trail***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos galegos de menos de 50.000 habitantes que contan cun servizo de voluntarios de Protección Civil e de vehículos e motocicletas para os corpos de policía local.

O obxectivo destas dúas ordes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é axudar os concellos de menor tamaño a continuar prestando servizos de calidade aos seus cidadáns, a través da mellora do seu equipamento destinado a tarefas de seguridade cidadá e emerxencias.

Así, a través da primeira orde a Xunta executou 4,5 millóns de euros para investimento en elementos de transporte e outro equipamento que se utilizarán en programas de prevención de riscos e primeiras intervencións en emerxencias, fundamentalmente provocadas por fenómenos meteorolóxicos adversos.

A subministración do equipamento dividiuse en seis lotes distintos co obxectivo de fomentar o acceso á contratación das pequenas e medianas empresas, impulsar a concorrencia competitiva e acadar unha maior eficiencia no uso dos fondos públicos.

Concretamente, os lotes eran de 40 vehículos todo terreo tipo *pick-up*; 40 vehículos furgóns para transporte e loxística; 40 remolques para a atención ás emerxencias; 16 embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate; 30 espaxadores de sal e 20 remolques con carpa presurizadas para posto de mando avanzado.

Para a concesión deste equipamento aos concellos solicitantes tiveronse en conta criterios obxectivos como o número de mobilizacións de Protección Civil constatadas polo 112, a ratio de voluntarios por cada mil habitantes, o risco potencial de emerxencias -estimado polo Platerga- e a poboación e extensión do territorio da entidade local.

Ademais, tamén se puntuou a antigüidade da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e a súa inscrición no rexistro autonómico, a súa atención ao servizo 24 horas e a carencia de servizos de emerxencia, parques de bombeiros ou GES a menos de 20 quilómetros. Unha vez máis, incentivouse a presentación de proxectos conxuntos de concellos mancomunados ou agrupados entre si.

En total 143 entidades locais galegas obtiveron algún tipo de equipamento de emerxencias. Por provincias, a maior beneficiada foi Coruña, con 10 *pick ups*, 17 furgóns, 18 remolques, 9 embarcacións, 4 espaxedores e 8 carpas presurizadas. En Ourense distribuíronse 14 *pick ups*, 12 furgóns, 11 remolques, 1 embarcación, 19 espaxedores e 5 carpas. En Pontevedra 11 *pick ups*, 5 furgóns, 6 remolques, 7 embarcacións, 3 espaxedores e 6 carpas. Por último, en Lugo foron 7 *pick ups*, 7 furgóns, 6 remolques, 1 embarcación, 7 espaxedores e 1 carpa.

A maiores desta dotación, como resultado da baixa producida nas ofertas económicas, produciuse un remanente de preto de 900.000 euros, que permitirá realizar unha segunda licitación, na cal está previsto adquirir 18 *pick-up* e 9 remolques de emerxencia máis, ademais do inicialmente previsto. En total, os concellos galegos dotaranse ao longo deste 2015 con 60 todo terreo, 41 furgóns, 50 remolques, 18 embarcacións, 33 espaxedores de sal e 20 carpas presurizadas.

Vehículos e motos para a policía local

Pola súa banda, ao abeiro da orde destinada ao equipamento de vehículos e motocicletas para concellos galegos de menos de 50.000 habitantes con Policía Local repartiranse 55 vehículos tipo turismo e 26 motocicletas tipo *trail*, cun importe de ao redor dun millón de euros. Cómpre salientar que neste caso, ao igual que no anterior, a mellora da oferta que resultou adxudicataria permitiu adquirir máis vehículos dos inicialmente previstos na licitación, o que permitirá beneficiar a maiores a outros sete concellos galegos.

A concesión, en réxime de concorrencia competitiva, fíxose atendendo a criterios como a ratio entre policía e habitantes do concello; a mellor cobertura efectiva do cadro de persoal; maior antigüidade dos vehículos recibidos nos últimos dez anos desde a Xunta; a ratio de vehículos e policía e o cumprimento da normativa de coordinación de policía locais.

Grazas a esta actuación, a Vicepresidencia facilítalles aos concellos beneficiarios unha oportunidade para cambiar vehículos e motocicletas antigos e cun alto custe de mantemento por vehículos novos, dotados de mellores sistemas de seguridade activa e pasiva, e cun custo de mantemento e consumo de combustible moito menor. Isto, sen dúbida, contribuirá a mellorar a prestación dun servizo que resulta fundamental para a cidadanía.



A XUNTA IMPULSA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MELLORA COMPETITIVA QUE AFORRAN 12 MILLÓNS NA INDUSTRIA GALEGA ATA 2020

- ***O programa de axudas de Economía e Industria mobiliza este ano máis de 6 millóns nos sectores industrial e de servizos, desenvolvendo 113 proxectos entre tecido empresarial galego***
- ***As iniciativas supoñen un aforro enerxético conxunto de máis de 2.800 toneladas equivalentes de petróleo ao ano e evitarán a emisión á atmosfera de 6.500 toneladas de CO₂ ao ano***
- ***14 proxectos céntranse na instalación de sistemas de procesamento avanzado de datos e intelixencia artificial aplicados ao aforro de enerxía, promovendo a fábrica intelixente en liña coa Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0***
- ***Desde a súa posta en marcha no 2013, esta liña de apoios ten impulsado ao redor de 300 actuacións no tecido produtivo galego***

A Xunta de Galicia ten no aforro e na eficiencia un dos piares fundamentais da súa política enerxética. Por este motivo, e confiando na influencia desta área na mellora da competitividade do tecido empresarial galego, a Consellería de Economía e Industria está a impulsar nos últimos anos, a través do Inega, unha liña de axudas específica para a industria e o sector servizos. Unha convocatoria cuxa resolución coñeceu hoxe o Consello da Xunta e que permitirá desenvolver 113 proxectos que, grazas á diminución dos seus consumos enerxéticos, acadarán un aforro económico conxunto de 12 millóns de euros ata o ano 2020.

Neste sentido, o programa que acaba de resolverse, e que contaba cun orzamento de 1,8 millóns de euros, mobilizará máis de 6 millóns no desenvolvemento destas actuacións, contribuíndo á mellora competitiva dos sectores industrial e de servizos, que en Galicia representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final, respectivamente. Así mesmo, a iniciativa permitirá ás compañías aforrar máis de 2.800 toneladas equivalentes de petróleo ao ano, evitándose a emisión á atmosfera de máis de 6.500 toneladas anuais de CO₂.

Entre as actuacións aprobadas, e como principal novidade, destacan este ano 14 proxectos que, en liña coa Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0, promoverán á implantación de sistemas de procesamento avanzado de datos e intelixencia artificial aplicados á optimización do consumo enerxético, no camiño cara á fábrica intelixente que busca o Goberno galego para o tecido empresarial da Comunidade. O obxectivo é dotar as industrias beneficiadas de programas capaces de reaxustar, de xeito sistemático, algúns dos seus parámetros en función das experiencias pasadas, co obxecto de optimizar o consumo.

Así mesmo, apoiaranse proxectos de renovación de caldeiras de derivados de petróleo por outras de biomasa ou de gas natural ou por bombas de calor; a implantación de luminarias máis eficientes; a posta en marcha de medidas de contabilización, monitorización e telexestión de consumo de enerxía; e a implantación de sistemas de xestión enerxética



certificados conforme a norma ISO 50.001. No desenvolvemento destas iniciativas, cómpre salientar a consolidación da figura das Empresas de Servizos Enerxéticos (ESE), que participarán en preto do 10% das iniciativas, abrindo novas posibilidades de financiamento con base nos aforros enerxéticos e económicos obtidos.

Un ano máis, o programa contou cun amplo apoio por parte dos sectores industrial e de servizos, como amosan as preto de 400 solicitudes recibidas. Neste sentido, a través desta liña, activada por primeira vez en 2013, a Consellería de Economía e Industria participa aproximadamente de 300 iniciativas de aforro e eficiencia que xeran un aforro anual próximo aos 6 millóns ao ano, impulsando a competitividade e reducindo ás emisións contaminantes de Galicia.

Deste xeito, o Goberno galego reforza o seu compromiso coa eficiencia enerxética e permitiu, desde 2009, aforrar 80 millóns de euros na industria galega grazas aos programas de aforro enerxético e de promoción de fontes renovables como a biomasa ou a xeotermia que está a promover o Inega.



O PROGRAMA GALICIA 1000 MOBILIZA MÁIS DE 100 MILLÓNS DE EUROS E PRESTA APOIO FINANCEIRO ÁS PEMES GALEGAS

- ***A Xunta leva destinados ata a data preto de 45 millóns e colaborou en 946 proxectos a través deste paquete integral de financiamento que busca dar resposta ás distintas necesidades financeiras do tecido empresarial galego***
- ***As actuacións facilitaron a recapitalización das pequenas e medianas empresas e impulsaron a execución de novos investimentos, contribuíndo ao mantemento ou xeración de 12.000 postos de traballo***
- ***As liñas para a mellora da competitividade e a internacionalización do tecido empresarial impulsan durante este ano 2015 máis dun cento de iniciativas***
- ***De cara a seguir incrementando os recursos á disposición do tecido produtivo galego e facilitar a execución de novos investimentos, mellóranse as condicións dos préstamos Jeremie, con prazos de amortización de ata 11 anos***
- ***Estes préstamos achegaron ata o de agora 3,3 millóns mobilizando 13 millóns de euros no financiamento de proxectos de investimento empresarial nas pemes galegas***

A Xunta de Galicia, coa finalidade de colaborar co tecido empresarial galego dando resposta ás súas distintas necesidades financeiras, está a desenvolver o programa “Galicia 1000”, que mobilizou ata o de agora máis de 100 millóns de euros. Desta forma, este paquete integral de financiamento permitiu xa colaborar en 946 proxectos promovidos por pemes galegas, moitas delas microempresas, facilitando a súa recapitalización e impulsando a execución de novos investimentos.

Para acadar estas cifras, coñecidas hoxe polo Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria destinou preto de 45 millóns de euros a distintas liñas de actuación, que contribúen á consolidación da recuperación económica e á xeración de riqueza e emprego. Neste sentido, as distintas iniciativas impulsadas no marco de Galicia 1000 comportaron o mantemento ou a xeración de 12.000 postos de traballo.

Neste contexto, nos últimos meses aprobáronse preto de 800 operacións encamiñadas a facilitar o financiamento de emprendedores, autónomos e pemes que están a mobilizar un total de 61 millóns. Mediante as liñas de microcréditos e financiamento subsidiado impulsáronse 600 destas iniciativas, e no resto delas facilitouse o financiamento de circulante coa achega de garantías. Deste xeito, favorecéronse o emprendemento e a innovación na procura da mellora da competitividade empresarial.

Por outra banda, a través do Igape e de Xesgalicia aprobáronse 74 operacións de préstamos directos e avais para acceso ao circulante, que mobilizan máis de 37 millóns de euros en distintos proxectos empresariais, facilitando o acceso ao financiamento e achegando liquidez para a actividade ordinaria das pemes.



A estas ferramentas financeiras cabe sumarles as liñas de apoio ao emprendemento, fomento da cooperación empresarial, renovación de equipos produtivos e contratación de xestores de internacionalización. A través delas estase a colaborar coas pemes galegas na procura de novos mercados, ao tempo que se incrementa a súa competitividade. En total, a través destes programas, a Consellería de Economía e Industria colabora con máis dun cento de iniciativas que se porán en marcha en 2015 e mobilizan máis de 7,5 millóns de euros.

Préstamos Jeremie

Na procura de seguir incrementando os recursos postos á disposición do tecido empresarial de cara a dar respostas ás súas necesidades, o Igape mellorará as condicións dos préstamos Jeremie, un instrumento financeiro activado por primeira vez no marco do Galicia 1000.

Esta iniciativa pioneira está a permitir, a través de fondos europeos, atender os requirimentos das pemes de cara a afrontar investimentos que incrementen a súa competitividade. Ata o de agora, destináronse 3,3 millóns e mobilizáronse 13 millóns de euros no financiamento de proxectos de investimento empresarial.

Para incrementar estas cifras e facilitar o financiamento das pemes galegas, o Igape mellora as condicións destes préstamos, que poderán solicitarse ata o 30 de setembro e contan con xuros máximos situados por debaixo do euríbor máis 0,4%. Estes apoios poden chegar ata 1,8 millóns por proxecto, cobren ata o 70% do investimento e dispoñen de prazos de amortización de ata 11 anos.

Co desenvolvemento do paquete integral de financiamento Galicia 1000, a Xunta busca dar resposta ás diferentes situacións financeiras que atravesa o tecido empresarial galego, co obxectivo de que ningún proxecto quede sen levarse a cabo por falta de apoio. Ademais, e de cara a seguir avanzando no reequilibrio territorial da Comunidade, cómpre salientar que Galicia 1000 está a prestar unha especial atención ás zonas amparadas por plans Impulsa, achegando préstamos con bonificacións especiais. Ata o momento, preto do 40% das iniciativas impulsados desenvólvense nas provincias de Lugo e Ourense.



O SERGAS COMEZA A INSTALARSE NO HOSPITAL PÚBLICO ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO

- ***Onte formalizou a acta de comprobación do edificio, unha vez rematadas as obras***
- ***Iníciase o prazo de catro meses para a súa posta en funcionamento***
- ***O Plan de Equipamento do hospital supón un investimento estimada en máis de 45 millóns de euros***

O Servizo Galego de Saúde comeza a instalarse no edificio do Hospital Público Álvaro Cunqueiro, unha vez que onte, mércores 6 de maio, formalizou a acta de comprobación da obra -trámite administrativo que implica a revisión final da obra antes de trasladarse a ela-.

Iníciase a partir de agora un prazo de catro meses para a posta en marcha deste novo hospital. Deste xeito, procederase á instalación dos equipos médicos; mobiliario clínico e dos sistemas de información precisos; e a realización das probas, verificacións e legalizacións necesarias para acadar a autorización de posta en funcionamento do centro hospitalario.

Neste eido, o Plan de Equipamento do Hospital Público Álvaro Cunqueiro suporá un investimento estimado de 45 millóns de euros dos cales, a medida que se vaian trasladando e poñendo en funcionamento os distintos equipos e servizos, se iniciará a prestación. Así, está previsto que os primeiros pacientes de consultas externas entren no hospital no mes de xullo.

A posta en marcha deste novo hospital suporá, tanto para os profesionais como para os pacientes e usuarios da área de Vigo, que se dispoña dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades presentes e futuras.



SANIDADE DÁ UN PASO MÁIS NO OBXECTIVO DE DOTAR O SERGAS DE ALTA TECNOLOXÍA E RENOVARÁ, CUN INVESTIMENTO DE 48,4 MILLÓNS, EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA PARA O DIAGNÓSTICO POLA IMAXE E A MEDICINA NUCLEAR

▪ ***Philips Ibérica presentou a oferta máis vantaxosa do lote 1***

O departamento que dirixe Rocío Mosquera acaba de dar un paso máis na súa intención de dotar o Sergas da alta tecnoloxía necesaria para aumentar a calidade diagnóstica e asistencial, mellorar a dispoñibilidade do equipamento e atender de forma máis eficiente a demanda das probas diagnósticas e dos procedementos terapéuticos que empregan estas tecnoloxías.

Para tal efecto, a Consellería de Sanidade deu a coñecer hoxe ao Consello da Xunta, a través dun informe, que a empresa Philips Ibérica S.A. presentou a oferta máis vantaxosa do lote 1, no cal se inclúe o equipamento de alta tecnoloxía para o diagnóstico pola imaxe (equipamentos de TC, resonancia magnética, mamógrafos, salas de raios dixitais, radioloxía vascular e neurorradioloxía) e a medicina nuclear (PET e gammacámaras), por un total de 48.378.953,42 euros.

Cómpre lembrar que o contrato de alta tecnoloxía, que supón un investimento total de 88 millóns, permitirá mellorar a atención á cidadanía, poñer á disposición dos profesionais da saúde as últimas técnicas diagnósticas e terapéuticas, participar en programas de investigación e innovación de ámbito internacional e contar cunha plataforma avanzada de diagnóstico pola imaxe.

Non en van, esta iniciativa implica a renovación tecnolóxica existente e a incorporación de novo equipamento, co obxecto de aumentar a produtividade e a capacidade diagnóstica do Servizo Galego de Saúde.



A CARTEIRA DE SERVIZOS DE INCLUSIÓN REGULARÁ A ATENCIÓN URXENTE E INCLUIRÁ UN RECURSO RESIDENCIAL BÁSICO DE MEDIA OU LONGA ESTANCIA

- ***A Consellería de Traballo e Benestar informou hoxe o Consello da Xunta desta nova ferramenta, que inicia agora o seu procedemento de tramitación con rango de decreto***
- ***Trátase dunha iniciativa pioneira a nivel estatal e que permitirá sistematizar o conxunto de servizos e prestacións dirixidas a persoas e familias en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social***
- ***Supera o modelo de atención baseado en programas e equipamentos para centrarse nas persoas e nos factores que provocan a súa situación***
- ***Incorpora diversos servizos innovadores e, ademais, formula novos recursos complexos ao combinar outros xa existentes***
- ***A carteira elaborouse tras un proceso de participación e diálogo con axentes sociais e profesionais, e contou tamén coa colaboración das entidades locais***

A nova carteira de servizos de inclusión social de Galicia sistematizará o conxunto de recursos e prestacións económicas que existen actualmente para atender as persoas e familias en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e, ademais, incorporará novos servizos, como un recurso residencial básico de media ou longa estadia para persoas en situación grave e que non estean vinculadas a un proxecto de inclusión sociolaboral, ou a regulación da atención urxente para situacións de emerxencia.

O Consello da Xunta analizou hoxe este documento que constitúe unha nova ferramenta, pioneira a nivel estatal, e que agora inicia o seu procedemento de tramitación con rango de decreto. O seu obxectivo é establecer un marco de referencia neste ámbito e garantir uns estándares mínimos de calidade, ao tempo que se gaña en eficiencia e optimización.

A carteira está deseñada cunha nova perspectiva para superar o modelo de atención baseado en programas e equipamentos e adoptar unha metodoloxía orientada ás persoas e aos factores que provocan as súas situacións de vulnerabilidade.

Polo tanto, esta ferramenta non se limita tan só a recoller os recursos xa existentes, senón que tamén incorpora outros servizos innovadores: ben porque se poñen en marcha por primeira vez, ben porque xorden da combinación entre outros dous recursos que xa existían por separado.

Entre os novos servizos destaca o de acollida básica, que ofrece un recurso residencial de media-longa estadia a persoas en situación de grave deterioración persoal e social, e de carencia persistente que inclúe a non disposición efectiva de fogar ou apoio substitutivo; ou o recurso de atención urxente, dirixido a dar resposta inmediata a unha situación de emerxencia social que se produza fóra do horario de funcionamento dos recursos do sistema. Tamén se crea o servizo de formación adaptada, que está concibido como unha



acción positiva de carácter metodolóxico destinada a compensar nos procesos de formación as desvantaxes asociadas a factores de vulnerabilidade.

Tamén se presentan novos recursos complexos, a través da combinación doutras prestacións xa existentes, co fin de propoñer unha atención integral ás necesidades das persoas. Trátase de iniciativas como o servizo integral de inclusión sociolaboral, que vincula a atención residencial ao desenvolvemento de proxectos de inclusión sociolaboral; ou o servizo de apoio á inclusión en procesos terapéuticos, que recolle unha atención específica de carácter sociolaboral como complemento a procesos de intervención sanitaria.

Nesta mesma categoría de servizos complexos tamén entrarían outros recursos con enfoque territorial como o de intervención comunitaria en territorios en exclusión, dirixido a dar resposta aos desafíos sociais derivados do cambio demográfico; ou das actuacións en zonas de intervención social, que busca a recuperación de áreas urbanas e periurbanas degradadas.

Ademais destas novidades, tamén se incorporan outras como as melloras cualitativas en servizos xa existentes ao incluír como obrigatorias prestacións como a consigna no servizo de atención nocturna ou a entrega de material de hixiene na prestación da ducha. Tamén se abren vías para innovación coa incorporación de prestacións opcionais que achegan calidade aos servizos, como incluír a busca de vivenda como opción no servizo de apoio á inclusión residencial, ou a mediación social, intercultural e laboral na configuración do servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

Estrutura da carteira

Na carteira inclúese a definición e os obxectivos de cada servizo ou prestación económica. Tamén se delimita a competencia para a provisión de cada recurso, a poboación destinataria e os requisitos de acceso. Os servizos que se inclúen poderán ser desenvolvidos por administracións públicas de carácter local, autonómico e, nos casos que se sinalan expresamente no documento, por entidades prestadoras de servizos sociais.

Esta ferramenta estrutúrase en dúas grandes áreas: por unha banda, os servizos (de acollida e prevención, de atención ás necesidades básicas e de atención integrada) e, por outra banda, as prestacións económicas.

O documento final, presentado hoxe en Consello, é froito dun proceso de participación con entidades, concellos e colexios profesionais. Valoráronse todas as achegas e propostas realizadas, que nunha gran parte foron incorporadas nesta versión final.

Cabe lembrar, ademais, que esta iniciativa forma parte do proceso de implantación do “modelo de carteiras” na prestación dos servizos sociais, que está a impulsar a Consellería de Traballo e Benestar. Este cambio normativo permitirá habilitar, deseñar e combinar recursos á medida das necesidades das persoas, co cal se conseguirá unha atención máis



—

ampla, diversa e innovadora. Dentro deste cambio de paradigma, xa se publicou a carteira de servizos de atención á dependencia, que entrou en vigor en novembro de 2013; e xa se coñeceu en decembro no Consello da Xunta o informe da carteira de servizos á familia. Ademais, estase traballando na carteira de servizos para persoas con autonomía.

